



María

VI 1748b

Eu caseime na montaña
cun fillo do arañón -he.

Ela bonita non era
pobre si, honrada non -he.

Ailalá...

VI 1426c

Eu caseime na montaña
porque había moito pan -he.

O forno de miña sogra,
o forno de miña soghra,
bota silvas po-lo vran -he.

Ailalá...

Pura

Son filla dun labrador -he
sei poñe-los bois ó carro.
Se non lle topo a chavella,
se non lle topo a chavella.
poñereille a do arado.

(...)

María

... así fai a boa moza
cando non ten quen a queira.
Ailalá...

[Tres cousas] pedín a Dios -e
ningunha me quixo dar -e.
Hermosura y buen cabelo
y gracia para cantar -he.

VI 1824a

De onde vés María?
Veño da verdura.
Ai que ricos nabos
ten o noso/señor cura.

Debaixo da ponte
viñas de lavar
as pernas María



Pura

viñas de lavar.
As pernas, si, si,
a cara tamén
por debaixo da ponte
da vía do tren.

VI 1569d

O río cando vai cheo
leva carballos e follas.
Tamén podía levar
as linguas marmuradoras.

VI 1832f

[Carmela] ten boas pernas
que llas vin no corredor.
Non vin pernas coma elas
na filla dun labrador -he.